



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2017

**Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

**Concelleiras e concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

**Concelleiras e concelleiros ausentes:**

Don Francisco García Dios.

**Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 9 DE FEBREIRO DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o nove de febreiro de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

#### 2.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A CAFÉ BAR, SITO NA RÚA DO CARMEN Nº 13, FORMULADA POR DON GIUSEPPE PILERI. EXPTE. 40/2016/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de febreiro de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**Primeiro.** En data 1 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5874, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura para a actividade de CAFÉ BAR, que na actualidade figura baixo a titularidade de D. Gustavo Castro Dopazo, que pasará a ter denominación comercial "FOGAR ITALIANO", formulada por D. Giuseppe Pileri, novo titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, contrato de arrendamento do local, e copia da cartulina de licenza do mesmo.

**Segundo.** En data 18 de xullo de 2016 emítese requirimento ao interesado de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

**Terceiro.** En data 22 de xullo de 2016 o solicitante achega a documentación requirida.

**Cuarto.** En data 14 de setembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe no que refire que non consta o outorgamento de licenza de apertura ao local e polo tanto non procede o cambio de titularidade salvo que se achegue ésta por parte do solicitante.

**Quinto.** En data 20 de febreiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe complementario no que se recomenda a declaración de ineficacia da comunicación previa de cambio de titularidade.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

**Segundo.** Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxección ao réxime establecido polo artigo 71 bis da lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que debe entenderse na actualidade coma referida á lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Terceiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 14 de setembro de 2016 e de 20 de febreiro de 2017 e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do segundo dos informes mencionados, tal e coma segue:

*Primeiro. Emítese o presente informe con carácter complementario ao emitido en data 14 de setembro de 2016.*

*Xa no primeiro informe se refería que tras consultar o arquivo administrativo non foi posible determinar a existencia de licenza orixinal de apertura do establecemento. Coma toda documentación acreditativa de que o local conta coa preceptiva licenza de actividade consta unha declaración asinada por D<sup>a</sup> Rosa Elvira Lapiño Busto que refire que lle foi outorgada licenza de apertura no ano 1975 na actividade de café bar.*

*Dende a emisión do informe, e tras diversas reunións tanto cos propietarios do local coma co solicitante do cambio de titularidade, e tras aportar toda a información relevante que puidera axudar á localización da licenza de apertura orixinal do establecemento, tanto no tocante aos titulares orixinais coma ás posibles datas de outorgamento, así coma a revisión dos arquivos municipais na procura tanto da licenza coma da liquidación das taxas por outorgamento da mesma, non se obtivo dato algún que poida acreditar a existencia da licenza de apertura obxecto do expediente.*

*Polo tanto, e visto o tempo transcorrido e a ausencia de alternativas, non queda senón concluír que o local obxecto da solicitude non conta con licenza de apertura e polo tanto non conta con título habilitante para o exercicio da actividade.*

*O exercicio dunha actividade sen contar con título habilitante para a mesma ou contravindo as condicións da licenza constitúe unha infracción grave das tipificadas pola lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*

**Segundo.** De acordo co disposto polo artigo 69 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

*procedemento administrativo común das Administracións Públicas:*

*A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou ca comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia da tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar*

*En todo caso, e dado que coma se referiu no informe xurídico de data 14 de setembro de 2016, a omisión de carácter esencial, isto é, a ausencia de licenza de apertura, ven precedida de dous cambios de titularidade nos que o Concello incorreu no erro de non verificar tal extremo, implica que non resulte exigible responsabilidade pola citada omisión aos asinantes da comunicación previa.*

*Nembargantes, a consecuencia permanece inalterable. A comunicación de cambio de titularidade non pode ter efectos dado que incorre na omisión esencial do título habilitante obxecto do cambio. E por outra banda a constatación do exercicio da actividade afectada sen contar co referido título habilitante obriga a apercibir aos titulares da actividade da imposibilidade de continuar coa mesma e da obriga de proceder á presentación dunha comunicación previa de actividade xunto coa documentación referida no artigo 24 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así coma no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.*

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

## **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar a ineficacia da comunicación previa de troco na actividade de data 1 de xullo de 2016, formulada por D. Giuseppe Pileri, de troco de titularidade da licenza de actividade de Café Bar do local sito na rúa do Carmen nº 13, con denominación "FOGAR ITALIANO", expediente 40/2016/CTA, por omisión esencial consistente en ausencia de licenza municipal de apertura ou título habilitante de carácter municipal para a actividade obxecto do expediente

**Segundo.** Apercibir ao interesado da imposibilidade de continuar coa actividade desenrolada por non contar con título habilitante para a mesma polo que deberá cesar na mesma, procedendo en caso contrario ditalar a correspondente orde de peche e á incoación dun expediente sancionador por infracción grave tipificada na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, , coa advertencia de que de continuar no desenrolo da actividade se procederá a

**Terceiro.** Requirir a presentación dunha comunicación previa de actividade xunto coa documentación referida no artigo 24 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así coma no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, no caso de que se pretenda levar a cabo a actividade comunicada.

**Cuarto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo.

**Quinto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o

Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local aprorba por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**3.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A CAFÉ BAR, SITO NA RÚA FONDO DE VILA Nº 5, BAIXO, CON DENOMINACIÓN COMERCIAL "TDL", FORMULADA POR O TRAZO DE LARAÑO S.L. EXPTE. 60/2016/CTA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de febreiro de 2017:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**Primeiro.** En data 30 de decembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 10689, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura para a actividade de CAFÉ BAR, que na actualidade figura baixo a titularidade de D<sup>a</sup> Asfak Ahmed, que pasará a ter denominación comercial "TDL", formulada por D<sup>a</sup> Cristina Mirás Otero en calidade de administradora de "O TRAZO DE LARAÑO S.L.", novo titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, contrato de arrendamento do local, e copia da cartulina de licenza do mesmo.

**Segundo.** En data 20 de xaneiro de 2017 emítese requirimento ao interesado de aclaracións e emendas referidas á comunicación previa.

**Terceiro.** En data 31 de xaneiro de 2017 a solicitante achega as aclaracións referidas.

**Cuarto.** En data 21 de febreiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

**Segundo.** Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxección ao réxime establecido polo artigo 69 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

**Terceiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 8 de xullo de 2016, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

**PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a CAFÉ BAR sito na rúa Fondo da Vila nº 5, baixo, outorgada pola alcaldía en data 16 de setembro de 2002, pasando á titularidade de TRAZO DE LARAÑO S.L., con denominación comercial "TDL", expediente 60/2016/CTA.

**Segundo.** O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

#### 4.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO ADICADO A CAFÉ BAR SITO NA PRAZA RAMÓN TOXO, CON DENOMINACIÓN COMERCIAL "ALFOLÍ", FORMULADA POR ALFOLÍ HOSTELERÍA S.L. EXPTE. 3/2017/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de febreiro de 2017:

#### <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

**Primeiro.** En data 14 de febreiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1286, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura para a actividade de CAFÉ BAR, que na actualidade figura baixo a titularidade de D<sup>a</sup>. ROSA RODRÍGUEZ BALEIRÓN, con denominación comercial "ALFOLÍ", formulada por D<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Baleirón en calidade de administradora de "ALFOLÍ HOSTELERÍA S.L.", novo titular da actividade. Achégase coa solicitud formulario de comunicación previa de cambio na actividade, contrato de arrendamento do local e copia da cartulina de licenza do mesmo.

**Segundo.** En data 21 de febreiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitud.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

**Segundo.** Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxeción ao réxime establecido polo artigo 69 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

**Terceiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 21 de febreiro de 2017, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a CAFÉ BAR sito na praza Ramón Toxo, outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 22 de xaneiro de 2007, pasando á titularidade de ALFOLÍ HOSTELERÍA S.L., con denominación comercial "ALFOLÍ", expediente 3/2017/CTA.

**Segundo.** O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

#### **5.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO ADICADO A CAFÉ BAR SITO NO LUGAR DE PONTE MEANA, FORMULADA POR DON JOSÉ MANUEL BUCETA BUSTELO. EXPTE. 4/2017/CTA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de febreiro de 2017:

#### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**Primeiro.** En data 15 de febreiro de 2017 en entrada no Concello, con número de rexistro 1294, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura para a actividade de CAFÉ BAR, que na actualidade figura baixo a titularidade de D<sup>a</sup> YESICA PAULOS TORRES, con denominación comercial "J.M.O.", formulada por D. José Manuel Buceta Bustelo, novo titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, alta no I.A.E., e copia da cartulina de licenza do mesmo.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Segundo.** En data 21 de febreiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

**Segundo.** Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxección ao réxime establecido polo artigo 69 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

**Terceiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 21 de febreiro de 2017, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

## PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a CAFÉ BAR sito no lugar de Ponte Meana, con denominación comercial "J.M.O.", outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 23 de setembro de 2008, pasando á titularidade de D. José Manuel Buceta Bustelo, expediente 4/2017/CTA.

**Segundo.** O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Cumplíméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**6.- COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ALMACÉN DE MERCADORÍAS EN TRÁNSITO SITO NA PARCELA 64 DO POLÍGONO EMPRESARIAL DE PAZOS, FORMULADA POR LOGÍSTICA INTERNACIONAL BLAGRESS S.L. EXPTE. 2/2017/CTA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de febreiro de 2017:

#### <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

**Primeiro.** En data 19 de xaneiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 523, comunicación previa de cambio de titularidade da licenza de apertura para a actividade de ALMACÉN DE MERCADORÍAS EN TRÁNSITO, que na actualidade figura baixo a titularidade de D. Emilio Gregorio Chenlo, sito en nave industrial sita no Polígono Empresarial de Pazos, parcela 64, formulada por D. Esteban Castro Gregorio en calidade de representante da mercantil LOGÍSTICA INTERNACIONAL BLAGRES S.L., novo titular da actividade. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, tarxeta acreditativa do NIF da mercantil, copia da cartulina de licenza de actividade, copia de contrato de arrendamento, modelo 036 da ABAT de troco de domicilio fiscal e copia do DNI tanto do solicitante coma do anterior titular da actividade, así coma copia parcial dos estatutos da Sociedade Limitada.

**Segundo.** En data 21 de febreiro de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

**Segundo.** Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxección ao réxime establecido polo artigo 69 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

**Terceiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 21 de febreiro de 2017, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

#### PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.** Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a ALMACENAMIENTO DE MERCADORÍAS EN TRÁNSITO na nave industrial sita no Polígono Empresarial de Pazos, outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 26 de abril de 2012, pasando á titularidade da mercantil LOGÍSTICA INTERNACIONAL BLAGRES S.L., expediente 2/2017/CTA.

**Segundo.** O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Cumplímntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.





# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente somete a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

### **7.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 4 SITUADA EN RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 10, INSTADA POR MERCEDES BLANCO AMBOAGE. EXPTE. 05/2017-AZP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 20 de febreiro de 2017:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 13 de xaneiro do 2017, co número de rexistro de entrada 287, dona Mercedes Blanco Amboage presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 4 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do contrato de aluguer da praza de garaxe, permiso de circulación do vehículo con matrícula 1167-JTD e recibo acreditativo do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica do 2016.

Segundo. O 20 de xaneiro de 2017 solicítase informe á Policía Local sobre a solicitude presentada e o 25 de xaneiro emítese. No mesmo non se observa obstáculo algún á concesión e faise constar que o garaxe está sinalizado coa placa de vado nº 102 e que o vehículo deberá seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

Terceiro. O 26 de xaneiro do 2017 expídese pola Tesouraría Municipal certificado acreditativo de que a solicitante non ten débedas pendentes en vía executiva por multas de tráfico impostas polo Concello de Padrón.

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando o réxime aplicable ás tarxetas de acceso ás prazas de garaxe situadas na zona peonil recollido no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, segundo a modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 246, do 29 de decembro do 2017, e visto que a solicitude presentada cumpre co mesmo.

Segundo. Considerando o informado pola Policía Local cuxo contido é asumido neste acordo como motivación, en base ao artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### **Propoñío á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Conceder a dona Mercedes Blanco Amboage a Tarxeta número 22/2017 de acceso rodado á praza de garaxe nº 4 situada na rúa Corredoira da Barca nº 10, co vehículo matrícula 1167-JTD, debendo seguir o seguinte percorrido de entrada e saída:

- Entrada: por praza Rodríguez Cobián.
- Saída: por rúa Santo Domingo cara rúa Real.

A persoa interesada poderá retirar a tarxeta nas oficinas xerais situadas na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, previo pago da taxa establecida na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

**Segundo.** Lembrar que no uso da tarxeta concedida será necesario cumprir as seguintes condicións de carácter xeral previstas no artigo 33 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública:

"5. Os/as propietarios/as ou arrendatarios/as, cando circulen polo percorrido designado, deberán levar nun lugar visible do parabrisas a tarxeta que os habilita para circular polo citado percorrido da zona peonil. Non está permitido en ningún caso o estacionamento na rúa.

O Concello resérvase o dereito de esixir calquera outra documentación ou realizar de oficio cantas comprobacións considere oportunas para contrastar a veracidade da documentación achegada (...).

7. A persoa titular da tarxeta é responsable da súa utilización. En caso de perda por calquera motivo, poderá obter unha nova logo de presentar unha declaración xurada acreditando tal feito.

8. No suposto de variación das condicións expresadas na solicitude, coma cambio de vehículo ou titularidade do mesmo, a persoa interesada deberá solicitar un novo distintivo que emitirá o Concello logo das comprobacións oportunas. O/a solicitante, neste caso, entregará nas oficinas municipais a tarxeta de aparcamento que obtivera con anterioridade.

9. Se das comprobacións practicadas resultara que a persoa titular da tarxeta realiza un uso fraudulento da mesma ou que os datos presentados para a súa obtención fosen faseados, procederáse a retirada da tarxeta, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda. Se das actuacións practicadas se desprendera a existencia de indicios dun ilícito penal, remitiránse as mesmas ao órgano competente.

A anulación do distintivo por este motivo non dará dereito ao reembolso do prezo público abonado para a súa expedición."

**Terceiro.** Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

**Cuarto.** Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Tesourería Municipal.>>



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 20 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

## **8.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESO RODADO Á PRAZA DE GARAXE Nº 2 SITUADA NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 5, INSTADA POR FRANCISCO JAVIER VÁZQUEZ LORENZO. EXPTE. 19/2017-AZP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 20 de febreiro de 2017:

### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O 16 de xaneiro do 2017, co número de rexistro de entrada 360, don Francisco Javier Vázquez Lorenzo presenta solicitude de tarxeta de acceso rodado á praza de garaxe nº 2 situada na rúa Corredoira da Barca nº 5, incluída na zona peonil do casco histórico de Padrón definida na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública. Achega coa solicitude copia compulsada do DNI, do título de propiedade da praza de garaxe, permiso de circulación dos vehículos con matrícula C-3506-CD e 7619-BXK e recibos bancarios acreditativos do pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica do 2016.

